A Axencia Galega da Industria Forestal ten como finalidade actuar como un instrumento de xestión eficiente no exercicio de funcións relacionadas co impulso da actividade económica asociada á industria forestal, coa mellora da competitividade e da innovación das empresas do sector e coa coordinación dos centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal.

Sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles, perseguirá os seguintes obxectivos:

- a) Procurar a diversificación dos produtos do monte destinados á industria forestal, promovendo as sinerxias entre os distintos sectores da cadea monte-industria.
- b) Mellorar a competitividade e a innovación das empresas do sector forestal desde a primeira fase de transformación do recurso, e con especial incidencia na segunda e seguintes fases.
- c) Ser o centro de servizos ao que acuda o sector da industria forestal, madeireira e non madeireira, para analizar e implantar medidas que contribúan ao seu desenvolvemento, actuando como interlocutor da Administración fronte á totalidade de axentes económicos vinculados á industria forestal.



- d) Definir e promover estratexias para lograr unha convivencia saudable e sustentable entre o aproveitamento e a industrialización dos recursos naturais, e que deberá realizarse tendo en conta a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, baseándose no uso sustentable dos ditos recursos naturais.
- e) Participar na planificación, ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais, sen menoscabo dos seus valores ambiental e social e da conservación do patrimonio natural, evitando a fragmentación de hábitos naturais, tendo en conta a súa integridade.
- f) Coordinar os centros de investigación e tecnolóxicos vinculados á industria forestal, adscritos á Axencia.
- g) Promover a utilización da biotecnoloxía como técnica na mellora dos produtos forestais.
- h) Incentivar o deseño de produtos derivados do sector forestal na procura de solucións estruturais verdes que contribúan co ambiente.
- i) Impulsar a creación de emprego de calidade no medio rural.
- j) Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes vinculados á industria forestal, particularmente entre as empresas do sector, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e os centros públicos de investigación forestal.
- k) Incentivar a certificación de procesos e produtos asociados ao monte, e destinados á industria forestal, para acreditar a calidade e sustentabilidade das actividades, e por esta vía aumentar a competitividade das empresas do sector.
- l) Apoiar a transformación, diferenciación e diversificación de uso dos aproveitamentos forestais.
- m) Incentivar a mellora da formación e a cualificación do persoal empregado no sector forestal, favorecendo a capacitación profesional, e contribuíndo á mellora da produtividade e competitividade das empresas do sector, así como a información/formación sobre actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, e coa xestión sustentable dos recursos.



n) Asesorar os axentes e as empresas do sector forestal nas distintas liñas de financiamento nacional e internacional que lles poidan beneficiar.

4.1.3. RÉXIME XURÍDICO

A Axencia Galega da Industria Forestal axustará a súa actuación ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O seu réxime xurídico interno regúlase polo dereito administrativo e o réxime xurídico externo, polo dereito privado ou polo dereito administrativo, segundo determina a normativa aplicable.

4.1.4. COMPETENCIAS E FUNCÍONS.

Para a consecución dos seus fins, correspóndenlle á Axencia Galega da Industria Forestal o exercicio das seguintes competencias e funcións sen prexuízo das que correspondan a outras entidades integrantes do sector público autonómico:

- a) Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de economía plans e programas en materia de innovación e transferencia tecnolóxica para o mellor aproveitamento dos recursos do monte destinados á industria forestal.
- b) Promover e, se é o caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de economía, particularmente, un plan estratéxico para a industria forestal.
- c) Participar, como interlocutor cualificado, na elaboración dos instrumentos de planificación, e de ordenación e mellora da xestión e aproveitamento dos recursos forestais que regula a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na procura da mellora da competitividade das empresas vinculadas ás diferentes fases de transformación destes recursos, así como da mellora na xestión sustentable e da conservación e restauración dos ecosistemas forestais e da biodiversidade.



- d) Fomentar e desenvolver programas de asesoramento para a industria forestal.
- e) Promover e coordinar programas de actividades científicas centradas no ámbito forestal.
- f) Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia de usos forestais, especialmente na mellora da súa xestión sustentable, para entes públicos ou privados, en coordinación coa consellería competente en materia de montes.
- g) Participar en institucións e foros nacionais e internacionais para a consecución dos seus fins.
- h) Organizar programas de formación e reciclaxe profesional no ámbito da industria forestal, en colaboración con centros de formación públicos e privados.
- i) Coordinar a rede de centros de investigación e transferencia tecnolóxica forestal, relacionados coa industria forestal e adscritos á Axencia.
- j) Outorgar e xestionar subvencións nas materias da súa competencia, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 3 de xuño, de subvencións de Galicia, e na normativa que a desenvolva.
- k) Diseñar estratexias e elaborar e xestionar programas de captación de fondos estatais e internacionais dirixidos á innovación e biotecnoloxía forestal.
- l) Promover e apoiar o crecemento de novas empresas de aproveitamento e transformación de produtos do monte destinados á industria forestal no medio rural, incidindo especialmente na segunda e seguintes fases de transformación industrial do recurso, por ser as que proporcionan un maior valor engadido ao produto e reportan maiores beneficios globais.
- m) Desenvolver programas específicos que permitan relacionar os produtos do monte destinados á industria forestal cun criterio global de «material precioso e alto nivel», que faciliten a integración destes produtos con empresas de deseño especializadas.
- n) Desenvolver unha marca colectiva única que facilite a integración das diversas actividades produtivas da industria forestal: materia prima, deseño, industrialización e comercialización.
- o) Aquelas outras que, non estando incluídas nos puntos anteriores, lle sexan atribuídas pola normativa vixente, así como as que, dentro do seu ámbito competencia, lle sexan asignadas ou delegadas.



4.1.5. ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA ORGÁNICA.

De acordo co artigo 10 dos seus estatutos, son órganos da axencia, os seguintes:

a) De Goberno:

- A Presidencia
- O Consello Reitor

b) Executivos:

- A Dirección

c) Outros:

- A Comisión de Control e Seguimento.

A Presidencia da Axencia Galega da Industria Forestal correspóndelle á persoa titular da consellería competente en materia de economía, na actualidade a Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Son competencias da persoa titular da Presidencia:

a) A representación institucional e legal da Axencia, sen prexuízo das delegacións que poida establecer na persoa titular da Dirección da Axencia e das funcións que a este lle poidan corresponder.

b) As relacións da Axencia Galega da Industria Forestal cos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes administracións públicas a que dea lugar o exercicio das competencias e funcións establecidas nestes estatutos, manteranse pola Presidencia da Axencia, no marco que, por proposta desta, estableza o Consello Reitor. A Presidencia poderá delegar o desenvolvemento ordinario das ditas relacións na persoa titular da Dirección.

c) Presidir o Consello Reitor e desempeñar as demais competencias que, en exercicio desta función, lle correspondan, segundo o disposto na normativa de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 16/2010, do 17



de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

d) Subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Axencia Galega da Industria Forestal, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa posible desconcentración.

e) Propoñer ao Consello da Xunta o nomeamento e cesamento da persoa titular da Dirección da Axencia.

f) Remitir a proposta de contrato plurianual de xestión á consellería con competencias en materia de facenda e á consellería competente en materia de administracións públicas para a súa presentación ao Consello da Xunta.

g) Remitir a proposta de modificación dos estatutos da Axencia á consellería con competencias en materia de facenda e á consellería competente en materia de administracións públicas para a súa presentación ao Consello da Xunta, nos casos en que proceda.

h) Resolver os recursos de alzada interpostos fronte aos actos da Dirección da Axencia.

i) Informar o Parlamento de Galicia, cando fose requirido, das actuacións desenvolvidas pola Axencia.

j) Calquera outra que lle atribúan estes estatutos ou as demais normas que resulten de aplicación ou, se é o caso, delegar o seu exercicio na persoa titular da Dirección da Axencia.

O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno da Axencia e está integrado pola Presidencia, a Vicepresidencia, as vogalías e a secretaría.

A Presidencia do Consello Reitor correspóndelle á persoa titular da Presidencia da axencia.

A Vicepresidencia do Consello Reitor correspóndelle á persoa titular da Dirección da axencia.

Os vogais serán dous en representación da consellería competente en materia de economía, dous en representación da consellería competente en materia de medio rural, dous en representación da consellería competente en materia de medio ambiente e ordenación do



territorio, un en representación da consellería competente en materia de facenda e dous en representación das corporacións locais.

A persoa que ocupe a Secretaría do Consello Reitor será designada e nomeada por este, entre o persoal que preste os seus servizos na Axencia e asistirá as reunións con voz pero sen voto.

Corresponden ao Consello Reitor as seguintes funcións:

- a) A aprobación da proposta de modificación dos estatutos e das normas de réxime interno.
- b) A aprobación da proposta de contrato de xestión da Axencia.
- c) A aprobación dos obxectivos e plans de acción anuais e plurianuais da Axencia e dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos ditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.
- d) A aprobación das disposicións, plans e programas en materia de innovación e transferencia da tecnoloxía forestal, singularmente o anteproxecto dun plan estratéxico para a industria forestal.
- e) A aprobación do anteproxecto de orzamento anual e da contracción de obrigas de carácter plurianual dentro dos límites fixados no contrato de xestión.
- f) O seguimento, a supervisión e o control da actuación da entidade e da xestión da persoa titular da Dirección e a exixencia das responsabilidades que procedan.
- g) A aprobación das contas anuais e, de ser o caso, a distribución do resultado do exercicio, consonte a lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) A aprobación dun informe xeral anual da actividade desenvolvida e de cantos extraordinarios considere necesarios sobre a súa xestión, coa valoración dos resultados obtidos e a consignación das deficiencias observadas.
- i) A designación e o nomeamento da persoa titular da Secretaría do Consello Reitor.
- j) O nomeamento e cesamento do persoal directivo, por proposta motivada da Dirección.



k) A proposta de aprobación e modificación da relación de postos de traballo da Axencia logo do informe favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos, de función pública e de avaliación e reforma administrativa, logo de negociación coas organizacións sindicais representativas da función pública.

l) A aprobación da iniciativa de creación ou participación de sociedades mercantís e fundacións con carácter previo ao procedemento establecido no artigo 104 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

m) A aprobación das normas de desenvolvemento dos presentes estatutos propostas pola Dirección.

A Dirección é o órgano executivo da Axencia e correspóndelle a súa xestión ordinaria. A persoa responsable da Dirección será nomeada e separada polo Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da consellería de adscrición, con rango de director/a xeral.

Son funcións da Dirección:

a) Elaborar os proxectos normativos de desenvolvemento dos presentes estatutos.

b) Elaborar o proxecto de contrato de xestión da Axencia.

c) Elaborar propostas de modificación dos estatutos da Axencia e proxectos de normas de réxime interior desta e, se é o caso, das unidades adscritas.

d) Elaborar a proposta dos obxectivos, dos plans de acción anuais e plurianuais da axencia e dos criterios cuantitativos e cualitativos de medición do cumprimento dos devanditos obxectivos e do grao de eficiencia na xestión, no marco establecido polo contrato de xestión.

e) Elaborar a proposta de relación de postos de traballo da Axencia, e as súas propostas de modificación.

f) Propoñer ao Consello Reitor o nomeamento do persoal directivo, así como o seu cesamento, de acordo cos criterios de profesionalidade, mérito e capacidade e atendendo a



criterios de idoneidade. O proceso de nomeamento levarase a cabo mediante procedementos que garantan a publicidade e a concorrência.

g) Exercer a xefatura do persoal da Axencia.

h) Impulsar, orientar, coordinar e inspeccionar as áreas, os servizos e as unidades adscritas á Axencia e ditar as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento.

i) Elaborar o anteproxecto de orzamentos da Axencia, así como render as contas correspondentes.

j) Autorizar as modificacións orzamentarias.

k) Executar os orzamentos da Axencia e, polo tanto, dispoñer os créditos e dotacións, os recoñecementos das obrigas e a ordenación dos pagamentos dentro dos límites que lle correspondan.

l) Autorizar os pagamentos e os gastos da Axencia.

m) Propoñer as variacións da contía global do orzamento, así como as que afecten os gastos de persoal e de capital, para a súa autorización pola consellería competente en materia de facenda.

n) Executar o plan anual de actividades da Axencia.

o) Elaborar o informe anual sobre a actuación e a xestión da Axencia.

p) Informar a consellería de adscrición e as competentes en materia de facenda e de administracións públicas, respecto da execución e do cumprimento dos obxectivos fixados no contrato de xestión ao longo do anterior exercicio.

q) Resolver os expedientes tramitados no ámbito de programas de apoio convocados pola Axencia.

r) Executar os acordos da Presidencia e do Consello Reitor e exercer as funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas ou delegadas.



s) Actuar como órgano de contratación da Axencia.

t) As demais que se lle atribúan na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nestes estatutos ou noutras disposicións aplicables, así como calquera outra competencia da Axencia non encomendada a outro órgano desta.

u) A Dirección poderá delegar nas persoas titulares das áreas as atribucións específicas que teña encomendadas nos presentes estatutos.

A Comisión de Control e Seguimento é o órgano de control do funcionamento da Axencia e estará composto por unha persoa representante da entidade titular do contrato de xestión, un persoa representante da consellería de Adscrición da Axencia, unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de orzamentos e unha persoa representante da consellería que ten as competencias en materia de avaliación e reforma administrativa.

De acordo co establecido na disposición adicional terceira do Decreto 81/2017, do 3 de agosto polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, esta Axencia asumirá os medios persoais e materiais e as competencias do centro de investigación e innovación autonómico CIS-Madeira, que se integrará por orde da consellería de adscrición da Axencia, no prazo de seis meses dende a constitución do Consello Reitor.

O 02.07.2018 asinouse o acordo de traspaso das dotacións orzamentarias e postos de traballo da Axencia Galega de Innovación á Axencia Galega da Industria Forestal. Este acordo publicouse no DOG núm. 143. do 27.07.2018.

Segundo o artigo 19 dos Estatutos, Axencia Galega da Industria Forestal estrutúrase internamente en áreas, con nivel orgánico de subdirección xeral, e baixo a dependencia directa da persoa titular da Dirección. Estas áreas son:

- A Xerencia. Para o exercicio das súas funcións contará cun departamento de xestión administrativa con nivel orgánico de xefatura de servizo.
- Área de Innovación Forestal.
- Área de Promoción e Calidade Forestal.



Así mesmo, compre indicar que mediante a Resolución do 28 de decembro de 2017 (DOG núm. 246 do 29.12.2017) publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de decembro de 2017 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia.

4.1.6. XESTIÓN E MARCO NORMATIVO

4.1.6.1 XESTIÓN

No que atinxe á xestión debe indicarse que o control interno dela realizase a través da función interventora, xa que o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do nove de novembro de dous mil dezasete acordou que “o control interno da actividade económico-financeira ó que se refire o artigo 93 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, exercerase a través da función interventora, de conformidade co establecido na Sección segunda do Capítulo I do Título V (artigos 95 e seguintes) do dito texto”.

Así mesmo, o réxime de contabilidade é o establecido no Capítulo II do Título V do Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro.

Para a execución da súa contabilidade, a Axencia, conta con sistema contable Xumco que lle permitirá seguir o cumprimento dos compromisos que se asuman no contrato de xestión.

O sistema de xestión económico financeira permite mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados de execución do orzamento.

4.1.6.2 MARCO NORMATIVO

Respecto ao marco normativo que aplica a Axencia, cómpre facer referencia, entre outras, ás seguintes normas do dereito público:

- A Lei 2/2017, do 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación
- Decreto 81/2017, de 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.



- Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Orde do 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan xeral de contabilidade pública de Galicia.

Con exclusividade no exercicio 2024, ao que se refiren as contas anuais:

- LEI 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.
- ORDE do 16 de decembro de 2024 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio de 2024 e de apertura do exercicio de 2025.





4.2 BASES DE PRESENTACIÓN: PRINCIPIOS CONTABLES E NORMAS DE VALORACIÓN.



As contas anuais do exercicio 2024 formúlanse pola Dirección da Axencia Galega da Industria Forestal e someteranse á consideración do Consello Reitor para a súa aprobación. A súa elaboración realizouse a partir dos rexistros contables da Axencia e preséntanse de acordo co Plan xeral de contabilidade pública de Galicia aprobado pola Orde da Consellería de Facenda de 28 de novembro de 2001, de xeito que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico-patrimonial e da execución do orzamento da Axencia.

Non figuran as partidas ás que non corresponde importe algún no exercicio ao que fan referencia.

As clasificacións utilizadas para a presentación do Estado de Liquidación do orzamento, así como, para o resto de estados e informes orzamentarios incorporados nesta memoria, teñen o seu orixe nalgunha das seguintes:

- Clasificación orgánica: A Axencia Galega da Industria Forestal é unha axencia pública con personalidade xurídica propia que non presenta unha clasificación orgánica con órganos independentes na súa xestión.

Así, a clasificación orgánica da Axencia enténdese como un órgano único e, polo tanto, non se confecciona un estado de liquidación do orzamento de gastos por servizos, senón que sería o total da execución do orzamento.

- Clasificación funcional por programas. No exercicio 2024 está integrada polo programa 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL.

- Clasificación económica: a entidade utilizou a clasificación económica autorizada pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, sen prexuízo da adecuación á súa xestión e actividade.

O director da Axencia estima que as contas do exercicio 2024 serán aprobadas polo Consello Reitor sen variacións significativas.

As contas anuais do exercicio 2023 foron aprobadas polo Consello Reitor na súa reunión do 01 de agosto do 2024.



4.2.1. PRINCIPIOS CONTABLES.

A aplicación dos principios contables conducen a que as contas anuais se formulen con claridade e expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, da execución do orzamento e dos resultados da entidade.

Como indica o Plan xeral, a contabilidade da Axencia desenvólvese de xeito obrigado aplicando os principios que se reproducen deseguido :

Principio de entidade contable. Constitúe entidade contable todo ente con personalidade xurídica e orzamento propio, que deba formar e render contas. Cando as estruturas organizativas e as necesidades de xestión e información así o requiran poderán crearse subentidades cun sistema contable que estea debidamente coordinado co sistema central.

Principio de xestión continuada. Presúmese que continúa a actividade por tempo indefinido. Polo tanto, a aplicación dos presentes principios non irá encamiñada a determina-lo valor liquidativo do patrimonio.

Principio de uniformidade. Unha vez adoptado un criterio na aplicación destes principios, debe manterse uniformemente no tempo e no espazo mentres non se alteren os supostos que motivaron a elección deste criterio.

Se procede a alteración xustificada dos criterios utilizados, debe mencionarse este extremo indicando os motivos, así como a súa incidencia cuantitativa e, se é o caso, cualitativa nos estados contables periódicos.

Principio de importancia relativa. A aplicación destes principios, así como a dos criterios alternativos que en ocasións puidesen deducirse deles, debe estar presidida pola consideración da importancia en termos relativos que estes e os seus efectos puidesen presentar. Por conseguinte, pode ser admisible a non aplicación estricta dalgún principio sempre e cando a importancia relativa en termos cuantitativos da variación constatada sexa escasamente significativa e non altere, polo tanto, a imaxe fiel da situación patrimonial e dos resultados do suxeito



económico. A aplicación deste principio non poderá implicar en ningún caso a transgresión de normas legais.

Principio de rexistro. Tódolos feitos contables deben ser rexistrados na oportuna orde cronolóxica, sen que poidan existir baleiros, saltos ou lagoas na información. O rexistro dos feitos debe efectuarse mediante os procedementos técnicos máis adecuados á organización da entidade contable, de forma que se garanta a coherencia interna da información.

Principio de prudencia. Dos ingresos só deben contabilizarse os efectivamente realizados na data do peche do exercicio; non deben contabilizarse aqueles que sexan potenciais ou se encontren sometidos a algunha condición. Polo contrario, dos gastos, deben contabilizarse non só os efectivamente realizados, senón tamén, desde que se teña coñecemento deles, aqueles que supoñan riscos previsibles ou perdas eventuais, con orixe no exercicio ou noutro anterior; para estes efectos deben distinguirse as perdas potenciais ou reversibles das realizadas ou irreversibles. Non obstante, de acordo coa normativa orzamentaria vixente, estes gastos contabilizados pero non efectivamente realizados, os riscos e perdas, non terán incidencia orzamentaria, só repercutirán no cálculo do resultado económico-patrimonial.

Principio de devengo. A imputación temporal de gastos e ingresos debe facerse en función da corrente real de bens e servizos que estes representan, e non no momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada daqueles. Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento imputaranse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se dicten os correspondentes actos administrativos. Non obstante, polo menos na data do peche do período, aínda que non fosen dictados os mencionados actos administrativos, tamén deberán recoñecerse na conta do resultado económico-patrimonial os gastos efectivamente realizados pola entidade ata esta data. Se non se pode identificar claramente a corrente real de bens e servizos entenderase que os gastos ou os ingresos se produciron cando se recoñezan os



incrementos de obrigacións ou dereitos, ou as correccións valorativas que afecten elementos patrimoniais.

Principio de imputación da transacción. A imputación das transaccións ou feitos contables ha de efectuarse a activos, pasivos, gastos ou ingresos anuais ou plurianuais de acordo coas regras establecidas neste Plan de Contabilidade Pública e demais normas que para o efecto se dicten.

A imputación das operacións que deban aplicarse ós orzamentos de gastos e ingresos debe efectuarse de acordo cos seguintes criterios:

- Os gastos e ingresos orzamentarios imputaranse de acordo coa súa natureza económica e, no caso dos gastos, ademais, de acordo coa finalidade que con eles se pretende conseguir. Os gastos e ingresos orzamentarios clasificaranse, se é o caso, atendendo ó órgano encargado da súa xestión.

- As obrigacións orzamentarias derivadas de adquisicións, obras, servicios, prestacións ou gastos en xeral imputaranse ó orzamento do exercicio no que estes se realicen e con cargo ós respectivos créditos; os dereitos imputaranse ó orzamento do exercicio no que se recoñezan ou liquiden.

Nos casos de conflito entre este principio e o resto dos principios contables públicos deben prevalecer estes últimos, en especial os principios de rexistro e de devengo.

Principio do prezo de adquisición. Como norma xeral, tódolos bens, dereitos e obrigas deben figurar polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Non obstante, as obrigacións deben contabilizarse polo seu valor de reembolso.

O principio de prezo de adquisición debe respectarse sempre, salvo cando se autoricen, por disposición legal, rectificacións a este; neste caso deberá facilitarse cumprida información.

Principio de correlación de ingresos e gastos. O sistema contable debe poñer de manifesto a relación entre os gastos realizados por unha entidade e os ingresos necesarios para o seu financiamento.



O resultado económico-patrimonial dun exercicio estará constituído pola diferenca entre os ingresos e os gastos económicos realizados neste período. O resultado así calculado representa o aforro bruto, positivo ou negativo.

Principio de non compensación. En ningún caso se deben compensar as partidas do activo e do pasivo do balance, nin as de gastos e ingresos que integran a conta do resultado económico-patrimonial, nin os gastos e ingresos que integran o estado de liquidación do orzamento. Deben valorarse separadamente os elementos integrantes das distintas partidas do activo e do pasivo.

Principio de desafectación. Con carácter xeral, os ingresos de carácter orzamentario destínanse a financiar a totalidade dos gastos desta natureza, sen que exista relación directa entre uns e outros. No suposto de que determinados gastos orzamentarios se financien con ingresos orzamentarios específicos a eles afectados, o sistema contable debe reflectir esta circunstancia e permitir o seu seguimento.

4.2.2. NORMAS DE VALORACIÓN.

Estas contas anuais fórmulanse de acordo cos principios contables e normas de valoración e clasificación contidas no Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia e conforme aos criterios recollidos na Orde do 16 de decembro de 2024 pola que se regulan as operacións de peche do exercicio 2024 e de apertura do exercicio 2025.

O artigo 109.1º do texto refundido da Lei de Réxime financeiro e Orzamentario de Galicia establece o sometemento da Administración da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das sociedades públicas de Galicia ao réxime de contabilidade pública. Conforme ao artigo 111ª) do mesmo texto legal corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, como centro directivo da contabilidade pública de Galicia, someter á decisión do Consello de Economía e Facenda o Plan de Contabilidade Pública de Galicia, ao que se adaptarán os organismos, as corporacións e as demais entidades comprendidas



no sector público de Galicia, mantendo a debida coordinación co Plan Xeral de Contabilidade Pública.

As normas de valoración constitúen o desenvolvemento dos principios contables e conteñen os criterios e regras de aplicación a operacións ou feitos económicos ou elementos patrimoniais.

Aplícanse os seguintes principios:

a) Inmobilizacións inmateriais e materiais

As inmobilizacións inmateriais e materiais valóranse polo seu custe de adquisición ou valor de achega, segundo proceda, e preséntanse netas das súas correspondentes amortizacións acumuladas.

A amortización dos elementos do inmovilizado inmaterial e material realízase sobre os valores de custe ou achega segundo proceda.

b) Debedores

A Axencia segue o criterio de dotar aquelas provisións para insolvencias que permitan cubrir os saldos de certa antigüidade ou nos que concorren circunstancias que permiten razoablemente a súa cualificación como de dubidoso cobro.

c) Curto/longo prazo

No balance clasifícanse a curto prazo os créditos e débedas con vencemento igual ou inferior a doce meses dende a data de peche do exercicio e a longo prazo cando exceden de dito período.

No exercicio 2024 a Axencia non rexistra débedas a longo prazo.

d) Ingresos e gastos

Os gastos e ingresos que xurdan da execución do orzamento impútanse cando, de acordo co procedemento establecido en cada caso, se ditan os correspondentes actos administrativos.

No caso das subvencións concedidas pola Axencia, os gastos que delas derivan recoñécense no momento en que, recibida a solicitude de cobramento por parte da persoa



beneficiaria, se acredite a realización e pagamento das actuacións subvencionadas e o resto de requisitos requiridos na resolución de concesión da subvención.

e) Situación fiscal

A Axencia é un ente de dereito público adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria. Segundo o disposto na normativa do Imposto de Sociedades en relación coa exención total de que gozan determinados entes do Sector Público, a Axencia encóntrase exenta do dito imposto.





4.3 ESTADO OPERATIVO



O estado operativo da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024, que inclúe as obrigas e os dereitos recoñecidos no exercicio de acordo coa súa clasificación económica, preséntase a continuación:

CAPÍTULO	GASTOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (EUROS)	INGRESOS ORZAMENTARIOS	IMPORTE (EUROS)
1	Gastos de personal	1.104.311,98	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	210.703,87	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	Taxas, prezos e outros ingresos	7.200,00
4	Transferencias correntes	537.400,91	Transferencias correntes	1.722.987,95
5	Fondo de continxencia	0,00	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos reais	1.057.898,33	Alleamento de investimentos reais	26.332,65
7	Transferencias de capital	13.114.336,62	Transferencias de capital	14.172.234,95
8	Activos financeiros	0,00	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	Pasivos financeiros	0,00
Total		16.024.651,71	Total	15.928.755,55
Resultado orzamentario		-95.896,16		
Total		15.928.755,55	Total	15.928.755,55





4.4 INFORMACIÓN DE CARÁCTER FINANCEIRO





4.4.1. CADRO DE FINANCIAMENTO

O cadro de financiamento da Axencia correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024 en euros, preséntase a continuación:

APLICACIÓNS	2024	2023	ORIXES	2024	2023
1. Recurso aplicados en operacións de xestión	16.018.890,35	14.357.649,02	1. Recursos procedentes de operacións de xestión	15.941.124,07	13.335.816,14
Outros gastos de xestión	1.262.840,84	1.001.743,98	Ingresos de xestión ordinaria	0,00	8.940,12
- Servizos exteriores	1.260.931,21	999.491,42	Outros ingresos de xestión ordinaria	45.901,17	24.261,87
- Tributos	1.909,63	2.252,56	Transferencias e subvencións	15.895.222,90	13.302.614,15
Gastos de persoal	1.104.311,98	1.213.937,72			
Transferencias e subvencións	13.651.737,53	12.095.583,37	2. Aportacións	0,00	0,00
Perdas e gastos extraordinarios	0,00	46.383,95	Patrimonio recibido en adscrición		
2. Adquisicións de inmovilizado	0,00	57.215,51			
Inmovilizacións inmateriais	0,00	0,00			
Inmovilizacións materiais	0,00	57.215,51			
3. Resultado de exercicios anteriores					
Total APLICACIÓNS	16.018.890,35	14.414.864,53	Total ORIXES	15.941.124,07	13.335.816,14

EXCESO DE ORIXES SOBRE APLICACIÓNS (AUMENTO DE CAPITAL CIRCULANTE)			EXCESO DE APLICACIÓN SOBRE ORIXES (DIMINUCCIÓN DE CAPITAL CIRCULANTE)	77.766,28	1.079.048,39
---	--	--	---	-----------	--------------

No seguinte cadro rexístranse os efectos que sobre o capital circulante tiveron as operacións reflectidas no cadro de financiamento:

VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE	EXERCICIO 2024		EXERCICIO 2023	
	AUMENTOS	DISMINUCIÓNS	AUMENTOS	DISMINUCIÓNS
Debedores	74.680,37	2.955.201,36	3.225.145,93	0,00
Orzamentarios		2.955.201,36	3.208.187,49	
Administracións públicas				
Outros debedores	74.680,37		16.958,44	
Acredores	3.357.135,36	554.380,65	0,00	4.304.194,32
Orzamentarios		554.380,65		2.885.443,06
Non orzamentarios	3.328.642,00			1.409.589,50
Administracións públicas	28.493,36			9.161,76
TOTAL VARIACIÓN DO CAPITAL CIRCULANTE		77.766,28		1.079.048,39

O capital circulante tivo unha variación negativa no exercicio 2024 de 77.766,28 €.



4.4.2. REMANENTE DE TESOURARÍA

O estado do remanente de tesouraría da Axencia ao 31.12.2024 é o seguinte:

CONCEPTOS	EUROS	
1. (+) Dereitos pendentes de cobro		4.145.019,36
(+) Do orzamento corrente	4.137.511,41	
(+) De operacións non orzamentarias	7.507,95	
(-) De dubidoso cobro	0,00	
2. (-) Obrigas pendentes de pagamento		4.013.242,97
(+) Do orzamento corrente	3.957.290,38	
(+) De operacións non orzamentarias	52.321,16	
(+) De operacións pendentes de aplicar ao orzamento	3.631,43	
3. Fondos líquidos		125.712,09
Remanente de tesouraría total		257.488,48
I. Remanente de tesouraría afectado		0,00
II. Remanente de tesouraría non afectado		257.488,48

O artigo 10 “Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría” da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 establece que:

Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda e Administración Pública poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», tras analizar a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

No entanto, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda e Administración Pública poderá limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación,



procederáse consonte o disposto neste artigo para os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais.

O punto 6 artigo 83 “Régime orzamentario” da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, establece:

A dirección da axencia poderá acordar incorporar o remanente de tesouraría non afectado ao orzamento do exercicio seguinte, logo do informe preceptivo e vinculante da Dirección Xeral de Orzamentos, que se pronunciará respecto dos seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria. Do devandito acordo daráselle conta á comisión de control.

A Axencia realizou no 2024 devolución de remanente de tesouraría por importe de 332.214,89 euros.

Neste exercicio non hai remanente de tesouraría afectado.

4.4.3. TESOURARÍA

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 07.09.2017, acordou “autorizar á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos para realizar as operacións de ingreso e ordenación e realización material de pagamentos, ao abeiro do previsto no artigo 90.4 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, na redacción dada pola disposición derradeira décima da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, respecto da Axencia Galega da Industria Forestal”.

Isto implica que a Axencia non posúa tesouraría propiamente dita, así, o saldo das existencias finais da tesouraría correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024 é de 0,00 euros tendo en conta que a Axencia conta con tesouraría centralizada no Tesouro da Xunta de Galicia e as operacións realízanse coma anotacións en conta fronte a este ente autonómico.

Non obstante, os fondos dos que se dispón a Axencia na conta centralizada son a diferenza entre conceptos non orzamentarios e ascenden a 125.712,09 euros. Este saldo debedor rexístrase no apartado “Outros debedores” do balance a 31.12.2024.



O **estado de tesouraría** é o que se presenta a continuación:

CONCEPTOS	EUROS	
1. COBROS		18.896.115,95
(+) do orzamento corrente	11.802.244,29	
